

MACÍAS, O NAMORADO

Agonistas:

Doncel, Dama e Mestre.

PRELUDIO

PRIMEIRO MOVIMENTO

(Cas luces encendidas da sala, os tres actores ca súa vestimenta habitual falan entre sí; cando se fai o silencio o actor 12 érguese:)

Actor 1º: ¿Entón fago eu hoxe de Macías?

Actor 2º: ¡Vena!

Actor 1º: (Mira ó redor) Xa estamos todos. ¿Onde esta o libro?

Actriz: (Dallo) Toma, este é o poema.

Actor 1º: (Recita)

Cantiga de Macías para su amiga.

Miembra-te de mi, sennora,
por cortesía,
e sempre te venga en miente,
e non dexes tu serviente
perder por olbidanca,
e tu farás buen estanca
e mesura.

Non por mi merecemento
que a ti lo manda,
mas por tu merced complida
dule-te del perdimiento
en que anda
en aventura mi vida.

Faz que non sea perdida
en ti la mi esperanga.
pues que toda mi nembranca
es tu figura.

Non sé lugar atan forte
que me defenda
de la tu mui grant beldat.
En ti tengo yo la muerte
sin contenda,
si me non val tu vondat,
Iai Amor! en remembranca,
en meu cor tengo tu lanca
de amargura.

(Pausa) Éntrame unha gran compaixon por este amador de fai tantos anos. Quisera ó encárnalo expresar-me tamén eu desde o máis fondo de min, quero encontra-la miña verdade, a miña autenticidade, e asumila, sexa a que sexa.

Actriz: Nos axudaremosche.
Actor 1º: No máis fondo de min está,
tapada polo mundo.
Que xurda verdadeira,
que poida dicir: 'este son eu1,
non me importa o que pensedes;
así son e así quero ser.
Xa estou cansado de fuxir,
estou farto de esconderme.
Fóra tódolos antifaces,
fóra todas as mentiras,
busca-la máis fonda verdade que haxa en min,
antes de que o mundo fixera de min esto que agora son.
Actor 2º: Vamos, pois, na túa búsqueda, Fernando.
Actriz: Somos a túa nai e o teu pai, renacerás de nos, e de tódolos asistentes.
(Oscuro).

I

- Mestre: Parece que non sabes as leis do cabaleiro, Macías, eres audaz e ousado, se non as cumples, como un touro bravo, agarraréite po-lo morro cunha argola de ferro levaréite á praza, e alí alanceareite, como san Miguel ó dragón e como Taseo ó Minotauro. As túas paixóns desbarátense, queres o imposible, rompes a norma, non sabes amar con mesura. Macías, morreras.
- Doncel: Señor, eu son teu can, a miña loita non vai contra ti, ti es meu dono, e está ben que así sexa, pero dentro non domines; que eu cumpra as túas órđanas sen arrastrarme, que teño unha mirada de espanto, aquí está o meu inimigo, non en ti.
- Mestre: É que vos, os galegos sodes así de servís: non acadarás xamais ser coma un cabaleiro castelán. E no tocante á miña muller, teu amor é demasiado desesperado. Es unha besta fera, Macías, non sabes estar no teu sitio.
- Doncel: Non e so túa, o xogo do amor cortés permíteme amala e que ela me ame; pero ti es o seu dono coma eu o son dos meus versos.
- Mestre: Pois non te sobrepases.
- Doncel: O que pasa é que eu non son coma esoutros superficiais poetas vosos, fago unha poesía sentida.
- Maestre: Eu son un admirador do teu arte, xa o sabes, e dos da túa patriam métdelles algo que os castelans non poden, algo fondo.
- Doncel: Pero vos despreciáasnos. Eu mesmo, vou morrer po-lo meu amor da túa dona, e a posteridade admirarame. Sen embargo Lope de Vega na súa versión minte dicindo que son da montaña de Santander e Larra son de Palencia; dalles vergonza que o seu héroe sexa galego. Pero despís véselles a mentira: o personaxe de non é poeta e o de Lope ten tal tenrura que é imposible que non sea da miña terra.
- Dama: E logo, Macías ¿vas a morrer por min?
- Doncel: O meu oficio, señora, é padecer, e esta obra é como unha misa
- Dama: ¿Por min?
- Doncel: Po-la la vida enteira e tamén por-la miña señora.

Maestre: ¿Como é eso?
Doncel: O voso é un can que se devora a sí mesmo.
Mestre: Debe ser un mal dos poetas e dos bufons.
Doncel: E sobre todo dos da miña terra en donde todo se confunde: “amor e odio, gargalladas obscenas ñas cantigas de escarnio e delicadeza de nena ñas de amigo. Somos unha xente complicada, por eso vimos a Castela de poetas. Poderíamos vir de bufons ou de políticos ou de putas.
Mestre: En troques na guerra, xa sabes o que decía o Rei Sabio: “galego galiña”
Doncel: Vos criástedevos na fronteira eos mouros, e nos apartados naquel corruncho, e non estmos afeitos coma vos. Pero vos despreciádesnos porque non somos coma vos, “al pan pan”. ¿Por qué nos obrigades a vivir convosco se tan miserables somos? Teríamos que estar xuntos eos portugueses, que nos aprecian e admiran. Eles elixeron a súa historia propia desde sí mesmos, non coma nos que somos os vosos burros. Pero volvendo ó noso asunto, só quero decirlas que ter un poeta na casa é como o cuco en nido alleo. A veces é incómodo, pero tendes a beleza.
Dama: Así a dona adórnase cas vosas galas.
Doncel: Co meu mal faremos broches e aderezaos. Sedes fermosa, unha promesa de paraíso que eu nunca terei. Meu señor tería que estar sempre encantado de tervos. Compartides coludos do brazo. Contempládesvos e poñedes toda vosa alma na mirada e transformádesvos un no outro: e eu non sei se son eu ou ti, (sinala ó Maestre) casi como si levase vosos preciosos vestidos.
Dama: Esas cousas que dis non suceden entre nos.
Mestre: Os postas idealízanos todo. Pero si él te tivese sería como todos.
Doncel: Esa é a ventaxa de que o meu amor sexa imposible.

II

- Doncel: Amarasme, é inevitable. Dama: Ja, ja, ja.
Doncel: Afastémonos xuntos collidos da man de esta sordidez.
Dama: Eu estou moi a gusto no meu pazo.
Doncel: Porque todavía non sabes o que é o amor. Levaré!te comigo.
Dama: Pobre diablo, ¿onde?
Doncel: Para eso é a poesía.
Dama: ¿Onde me vas levar? de que antro ves a conquistarme? Pobre parvo, non téis máis que morte.
Doncel: Eu é verdade que non podoo darche nada,
que me arrastro,
que son un esbirro do teu marido,
pero podes vir ós meus soños,
entón despreciarás todo esto.
Dama: on necesito vivir de ilusións; estou moi ben na miña realidade. Teño luxo, ira.
Doncel: Pero eu teño a beleza e o amor. Dama: 0 meu non.
Doncel: O eu corpo é do teu marido, deitaste con con él pero amarasme a min.
Dama: ¡Estás tolo!
Doncel: Chamarásme po-las noites deitada con el e eu virei a ti e ti viras a min e estaremos xuntos; cando él te beixe, sentirás que son eu. Encherás a túa existencia vacía. Eu, este parvo, este iluso, arrincaréite das súas garras, e no máis íntimo serás miña.
Maestre: ¿Todo eso pode facer a túa poesía?
Dama: Son tonterías, soños de poeta.
Doncel: (ó Mestre) Eu son ese pobre diablo ó que ti unha mañán encontracnés desesperado a carón do mar; a tarde anterior quitárasme a noiva e agora acercácheste dominador a componerme a corbata. Eu xemía y ti sorrías. Fóramos á casa da miña rapaza e tí pusécheste a bailar con ela e ela a coquetear contigo e eu marcheime dando un portazo.
Mestre: A pobre nena quedaría chorando.
Doncel: Eres tamén meu pai cando eu tina dous anos e medio, no comezo da Guerra civil á beira da mar. Chegamos miña nai e eu e el agarrouna e desnudouna e eu quedei só contemplando a inmensidade.
Mestre: Marchaba ó frente, tiña necesidade dese consolo.

Doncel: Eres tamén o antigo noivo da miña muller unha tarde, chegaches e eu imbécilmente che sonreía.

Maestre: Eu son sempre o poder.

Doncel: Paro acabóuse; dicidín pasar ó ataque, agora a túa muller vai a ser miña.

Dama: ¿Eu, túa? ¡Qué candidez!

Doncer: É necesario que así sexa para compensar tanta dor.

Maestre: É un poeta e soña. ¿Por que fuxiches a deitarte cunha sucia puta a non defendiches á túa rapaza? Con cortesía, con mesura, com di o poema que leíches, saca-la a bailar, pero nen sequera sabías; ¿e teño eu a culpa? ¿Por qué non te rapantigaches no sofá e abrazaches máis parto á tú muller cando chegou o noivo? Eso faría eu; e na mar de neno poñeríama incordiar, a patear, faríalles o foder imposible.

Doncel: Él foderíaa igual, pero eu entón descubrín o dolor da beleza.

Maestre: Punécheste a soñar.

Doncel: Fíxenme poeta.

Maestra: E agora nesta obra pretendes resarcirte.de tódalas túas miserias.

Doncel: Sí, é o momento.

Maestre: Non creo que o consigas, non es máis que un rancoroso e un pobriño. Como tódolso teus tes moral de escravo, como decía Nietzsche, e o que importa é a vontade de poder: eso son eu.

Doncel: Estou máis lonxe de ti que nunca, miña amada; un esbirro e ti unha gran dama; hay demasiada desproporción, temos que conseguir aminora-la.

Dama: Eu non teño nada que ver contigo. Non existes, eres un atadixo de medos con moitas ínfulas.

Doncel: É a causa da miña infancia compostelana.

Dama: Terías que tirar dos ollos o espanto, atreverte a mirarme diante del. Pere es un parvo, non sei francamente como me podarías conseguir.

Doncel: Ca miña poesía.

Dama: O amor hay que demostra-lo e ti pó-lo todo nasos escritos: non son máis que papéis. Pobre iluso, metíchaste nunha loita moi desigual e acabarás mal.

III

- Doncel: ¿Que por qué te quero? Porque ti medras na veiga e eu son unha árbore seca no alto cas ramas retorcidas como garfios gritando. Porque na túa presenza murmuran os regatos e a min os invernos me desbaratan. Porque eu non teño outro porvir que a desolación e ti es rumor da brisa e canto de paxaros.
- Dama: Todas esas cousas pénelas ti en min, pois eu son seca muller castelá.
- Doncel: Importa sobre todo o que eu faga de ti.
- Dama: Pero ¿e eu?
- Doncel: Ti es o manancial da miña sede, por eso te amo.
- Dama: ¡É mentira!
- Doncel: Eres a miña paz. As follas verdas acariciadas po-la brisa, a dozura da que carezo, a sonrisa, a tenrura, a paz. Eu son o fragor, o medo; ti a delicia, a sorrisa, ese xesto tan teu de recoller o pelo ca man. Eu a sequeidade; ti o escorrer da auga, as follas adormecidas, rindo ca brisa e o sol. Eu son un pao seco, morto sin ramas; ti o viven do amor.
- Dama: Eu non son esa: cago, ás veces non me lavo, digo palabrotas. Mírame ben: estoume facendo vella, son presumida, gústame que me eloxien, ¿é eso o que te namora?
- Doncel: O que importa é a paz que a teu lado haxo.
- Dama: Eu cravareiche alfinetes, insultareiche.
- Doncel: Para min serán regalos, será o comezo, porque me amarás, é imposible que esta inmensidade non te atraiga a miña praia. Mentras tanto xogamos, pero ese día chegará e entón non haberá máis que ti e eu xa para sempre xuntos, apertados.
- Mestre: ¿E eu que, meu amigo?
- Doncel: Aí, existes ti, miña dor.

IV

- Doncel: Si eu conseguise o amor do teu marido
e mai-lo teu,
ti acostabaste comigo, i el tocando o laúd,
eu no seu lugar e él ós nosos pes,
todo o brusco a fero,
todo o hostil castelan,
o Exército, a Iglesia,
o mundo anteiro,
amada, os nosos pes.
- Dama: ós teus, eu non o necesito.
- Doncel: Arrincarlle a muller,
facerlle o amor a él chorando.
- Dama: Ou rindo.
- Doncel: Ou blasfamando.
- Dama: Non importa él.
- Doncel: A min sí, necesito arrincarte del.
- Dama: Xa o fisechas.
- Doncel: Pero nunca se consigue de todo.
- Dama: ¿A quén amas dos dous?
- Doncel: Amote a ti; a él odioo,
pero tamén o amo.
Amóte a ti, pero necesito o seu odio,
pero cando él me odia tremo.
Amóte a ti e a él,
ámotea ti a causa de él;
xa non sel a quen amo.
- Dama: O certo é que Macías sin o Maestre non me queredría.

V

Doncel: De lonxe chega unha raiola
envólvetes,
ánchete de gracia.
De lonxe chega
embelecándote, por eso
te amo.

Dama: Pero ¿quéresme a min?

Doncel: Ámote porque es imposible,
porque es infinita
Teño que poner amor y máis amor para lograte,
por moito que poña ti estás máis lonxe,
canto mías lonxe máis amor,
A miña ousadía é atreverme a mirarte.
Así de algunha maneira es miña.

Maestre: ¿Tua, meu filio?

Doncel: É unha metáfora: aquí o único amo é vostede.

VI

Doncel: É así de enorme a carga,
 esmágame,
 é demasiado xigantesca,
 teu amor nada pode contra ela
 e eu culpóme, pero rebásame,
 ven de atrás e seguirá,
 é a historia da humanidade.
 Cando te miro ás veces olvídaseme;
 pero volve,
 atenázame,
 nada podemos contra ela,
 é o maldito home,
 é o malvado pai,
 é o maldito deus.

VII

- Doncel: Anque bailes desnuda como Salomé, eu son a cabeza do Bautista. Na presenza de Herodes os meus pensamentos non poden ir deica ti. Él ténme atrapado; esta é a miña traxedia: son seu e non teu, amada.
- Dama: ¿Áma-lo a él?
- Doncel: ódio e témo.
- Dama: ¿E se me arrecheo a ti?
- Doncel: Ai, o meu sufrimento medra.
- Dama: Ven.
- Doncel: ¿E él?
- Maestre: Vólome de espaldas.
- Doncel: Pero estás.
- Maestre: (á Dama) ¿Ves? É meu.
- Doncel: Estou dividido.
- Maestre: Vente á miña obediencia, a teu señor, e descansarás.
- Dama: Vente ó meu agarimo.
- Maestre: ¿Por qué cantas nos teus poemas a lanza que te vai ferir? É de min de quen falas. ¿Por qué te enamoradles déla, que é miña? Porque é a min a quen amas. Non loites máis, comigo hachara-la paz.
- Dama: A paz son eu, meu amor.
- Doncel: Arrastrareime ás túas plantas, máis non podería.
- Maestre: Eu douche un lugar a carón do meu corazón. 6 fin o Amo amate, deixarás de ser escravo. Comigo hachas a libertade; con ela o remordemento.
- Doncel: Pero ela é a miña ansia.
- Dama: Béixame.
- Doncel: Está él
- Dama: (Bícao ela.) Rompe o feitizo.
- Doncel: Eres súa, nada podo estando el.
- Dama: Recíbote no meu corpo, ven.
- Doncel: Meu mal é demasiado fondo: eu só podo cantarche, eu só podo dicir a miña chaga, só doerme, da miña ferida da súa lanza. A ti soa non te podería amar, sería mentira, a verdade é tamén él,

ti es súa, vin a roubarte.
Dama: El tenme á forza, táñame ti.
Doncel: Sí, e que despois morramos os dous.
Dama: Eu tanto non podo.
Doncel: Só así eu me entregaría ó teu amor.

VIII

- Doncel: Vinde a bailar o baile dos castrados; todos o estmos, mamen tí, meu señor. (Á Dama.) So te salvas ti, cons teus fermosos seos, ca túa dozura, con tau candor.
- Maestre: Ti es meu, pero aquí, xunto ó teu amor e tamen junto ó teu amo, pero ó meu lado. ¿A quen amas máis?
- Doncel: A ela ámoa; a ti respectóte e temóte.
- Mestre: ¿E se eu che prometerá a felicidade, ¿virías comgo?
- Doncel: Non podería deixala a ela.
- Dama: Achégate, Macías, xunto ó meu corazón, a miña boca, o meu seo.
- Doncel: ¡Ai!
- Dama: (Denúdase.) Mira, ven.
- Maestre: Serpeante, estalo tentando, pero ves que non é posible. Macías, un can fiel.
- Doncel: Fun insinado a obedecer. Na miña terra antes eran as rosnarías, as cantigas de amigo, as rapazas eran libres de dar o seu amor, nos esxistía este Deus. Pero entraronno. Castela meteu unha sepultura no corazón de Galicia. Alí nacía eu esbirro. (A ela.) Ti es para min o paraíso, pero eu non poderei mirarte se él está diante. Son de el, máis que teu, anque te ame. Estou encadenado.
- Maestre: ¡Ó chan! ¡Beixa os meus pes! ¡Arrástrate! ¡Ouvea! (o Doncel faino) É o meu can fiel.
- Doncel: Anque te maldiga, xamais poderei desobedecerche.
- Dama: ¿E ti es o “namorado”?
- Mestre: Ouvea, Macías (Faino, acaríciolo.) Estás ben ensinado.

IX

- Doncel: (ó Mastre) Hei de acadar matarte en min,
xúrocho, amo, conseguireino.
- Mestre: É que os galegos sodes moi servís,
aquí en Castela somos máis enteiros.
- Doncel: “Os galegos”, non me fales deso. Tamén ahí teño outra fenda. Son dalí
pero aquí me tendes
escribindo en castelán, pensando en castelán;
sentir non podo, son dozura
como todos nos, por eso somos poetas.
E ademáis son un capado; pero quero deixar deixar de se-lo (á Dona)
Botaréime ós teus pes (faino),
só vos podeades salvarnos,
so vosoutras as mulleres,
estamos sometidos ó Gran Falo
que nos converteu en impotentes;
temos que cambia-lo por unha perrecha,
entón todos os caralliños medrarán,
faránse homiños,
xurdiran como botóns de rosa
e cantarante
e serán teus
e resucitaremos
y tamén vosoutras

Doncel: (ós asistentes) ¿Quen quare vir
a ailar o baile dos capados?
ó redor da Eva, os Adáns
todos asearallados
porque ala partence 5 señor;
Desde o comezo non foi túa,
Venéaa, é do teu amo.
E anqua te cases con ela
o amo ten o dereito de pernada.
Nunca será túa, quiséa-lo;
nunca xarnais será capaz de amarte por ti mesmo,
a ademáis ti amara-la porque é del
e este é meu maior horror.

Maestre: Entón realmente a quan amas é a min, ó teu señor
Dama: So se ama a sí mesmo, é un poeta.
Doncel: Son un ser moi desgraciado.

XI

- Doncel: (Ó Mestra) Es unha cova e non un horizonte,
vericuetos po-los que me perdo,
nos que me encerro,
po-los que salouco;
es a miña noite,
porta pechada na que choro,
pero sin ti nin tan siquiera eso.
- Maestre: Porque eu son o teu amor.
- Doncel: Ando tras da ti,
sempra pelaxando contigo; subía
ás montañas para encontrarte,
para desafiarte.
Quero ó fin ter paz,
fuches sempre o meu inimigo,
porque ma roubabas;
agora quero arrastrarme ós teus pes
aceptar que é túa,
ou que ti es ela,
acadar a paz.
- Mestre: Quédaste comigo entón, ímonos ó convento.
- Doncel: Ela é a miña vida y ti a miña morte.
- Dama: Elíxesme antón a min.
- Doncel: Sampre que vía un alto subía para buscarte, sempra contigo en pelexa in-
terminable, mi padre. Porque ti roubárasme a vida, tina que desafiarte, arroxarte:
meu amor asta tinxido de odio; agora quero ser teu can.
- Dama: Ven á paz do meu corpo.
- Doncel: Con él de esbirro e acabar.
- Dama: Queridiño, a vida somos nosoutros dous.
- Doncel: Eu estou atado a el.

XII

- Doncel: Qué lonxe me hacho de ti,
eu pensaba que te amaba, e agora son del,
ando a busca-lo meu orixe
¿cada vez máis lonxe ou máis cerca?
Ti debes ser meu dono
es máis importante que ela
cando estou con ela a túa presenza inmovilízame.
Se sou teu, son do terror,
se sou teu non son da dozura,
contigo entro nunha cova,
síntome ultraxado,
só pasivamente podóme prestar,
perdo a miña mi metade,
son só do lado feminino
pero acho unha sinistra paz.
Estou cada vez máis lonxe da vida,
da inocencia,
¡Cantas veces quiseron seducirme!, ¿e ó fin era esto?
Eu buscaba sempre a outra ribeira
porque nela está a inmensidade;
agora xa non teño que buscar.
- Mestre: Debaixo desta pena hay unha alegría,
Connmigo hachara-la paz.
- Doncel: ¡Qué vergonza!
- Mestre: A túa feminidade sempre escondida, sempre negada, agora que luza. Clara,
déixalle o sostén.
- Dama: Amiga (Ponllo)
- Doncel: Compañeira de harén.
- Dama: E os tacóns (Pónlleos)
- Mestre: Agora, ven, que te vexa o teu señor.
- Dama: Non te cohibas.
- Mestre: ¿Non notas unha libertada que nunca antes sentiches? O mundo perdeu a súa
rudeza, agora unha pode ser como no fondo sempre foi. Dio, ¿non é verdade?
- Doncel: Só sei chorar, e chorar e chorar.
- Mestre: Despois das lágrimas viran as ledicias
- Doncel: Amiga, ¿queres que nos ponamos a falar dos homes, da súa rudeza, do seu
egoísmo? Nosoutras, en cambio, somos delicadas. En esto sí somos iguais.
Pero eu quero ser o teu amante, non o seu.

Mestre: Ven. Béixame. Palas no teu mellor poema de que a miña lanza te ferirá en ferida de amor; ela no ten lanza. Faite muller connigo, xa faltou pouco, unha última resistencia. Béixame.

Doncel: Non podo (Faino él, o Doncel soltase.)

Dama: (Ó Mestre.) Non poderá ser teu xamáis.

Doncel: Agora xa non teño nin a poesía.

XIII

(O Doncel e o Mestre caminan pola sala deica escena, onde se acha a Dama.)

- Mestre: Por aquí non tes onde pone-los pes.
Doncel: É por aquí, máis arriba.
Mestre: É imposible que por aquí houbera un camino.
Doncel: Non, é por aquí, máis abaixo. ¿Ves como arrodea suave?
Mestre: Xa non existe ni existirá xamáis o tal camino; ahí está este outro amplo.
Doncel: Aquí había un xaral recendente; destrozárono todo ó meter as máquinas e arrastra-los piñeiros; poñéronno todo imposible.
Mestre: Mira, outras árbores medran por onde ti dis que antes era o camino; todo cambia, todo renace, todo se modifica. Tamén nos, agora somos outros.
Doncel: Eu quero volver a ser o de antes.
Mestre: É imposible, Macías. Agora ti es meu, as novas experiencias cambiáronnos (caminan separados).
Doncel: Este era un curruncho recollido, cheo de verdor, había un castiñeiro e as súas follas traspasábaas a luz como nunha vidrieira, en este recanto recollíame eu eos meus sentimentos, ás veces a pensar; agora non é máis que un erial ó sol.
Maestre: O camino que iba por ahí xa non existe; abriron estoutro. Os caminos fanse e desfanse, non son eternos.
Doncel: Rodeaba este fondal e eu veíao desde aquí arriba: facía unha curva fermosa; agora atravesa sin compaixón.
Mestre: Pois eu sigo o novo.
Doncel: Eu rodeo po-lo antigo. Iba cas miñas cantigas á amada do meu corazón. Mí-raa, alí está. Pero non me mira xa. ¿Non me conoces, amada?
Dama: Non sei se eres o mesmo.
Mestre: É imposible, non se pode camiñar por ahí. Detente. Ven po-lo novo comigo. É tan fácil: aberto, ía qué empeñarse no imposible! Ese está cheo de silvas, sangras. Vente, dígoche. O pasado está morto. Agora ó evoca-lo pareceche fermoso, pero estabas desesperado, viñecheste comigo por eso. Eu non son ela, claro, a súa beleza; pero xa sabes como son: debaixo da sinuísidade está a trampa: envolvente, enróscanse e non te deixan, atante. Nosoutros temos o mundo para conquistar, e o poder compañeiro de loitas e de goces. Non as necesitamos a elas, que sexan só para o que valen: adorno. Os poetas cantarínan, pero deitánan eos seus compañeiros. Nos comprendémonos, elas non podarán entendernos xamais, son de outro planeta. Comigo terás amor e amizade, elas no valen para eso; non se sabe nunca a qué aterse. Caprichosas. Bonitas, si, como un xarrón; pero a vida hay que face-la có que encontremos de máis íntimo. O amor con elas ablándate; nosoutros facémonos máis fortes os uns eos outros. Amor de

igual a igual, de mirarse ós ollos, de nobleza, de amizade, de verdade: eso é o que eu che propoño. Se te vas con ela é que aínda es un neno e necesitas unha nai, non es capaz dun amor recio e viril.

XIV

Dama: Todo o meu corpo á túa caricia
 ós teus beixos
 á túa luz.
 Estaba morta y ti me resucitas,
 agora é imposible volver á mazmorra.
 Son como a pola que sube buscando a luz,
 que se fai toda follas para que non se perda nada,
 que se ramifica,
 que se abre para que tamén por dentro
 e xa non hay senón ti,
 só a miña paza para a túa ansia,
 só a miña ansia para a túa paz.
 En follas anchas á luz
 que as transforma en ela
 e á luz en vaivén
 que deixou de estar perdida no espacio negro
 e agora é amor.
 E cando teu vento para un momento
 elas quédanse quietas empapándose de ti
 e nada máis que ti hay en min
 e samente vivo para ti.

Doncel: En min hai aínda unha saudade.

XV

- Doncel: ¿Buscote a ti ou a ela?
 ¿Aquelos seos ou esta sorrisa,
 aquela dor ou esta paz?
 ¿É ala a que me encamina
 deica a noite
 ou es ti?
- Dama: Ti utilízasme para alcancanza-la a ala,
 pero eu quero que te quedes en min.
- Doncel: Vos necesito ás dúas,
 sin ela váiseme o teu amor.
- Dama: ¿É que eu non che basto?
- Doncel: Ti lévasme a ela.
- Dama: Ela non existe, so eu.
- Doncel: Ela es ti, non sodes máis que a miña mullar as dúas.
 ó amarme transformaste
 e renovas a miña vida;
 sin ela nada val a pena.
- Dama: Pero ¿eu mesma onde estou?
 Esa que ti amas non son eu,
 pósme unha máscara
 e eu quedóme pechada dentro
 e ti falas con esa desconecida
 e eu non son máis que unha pantalla;
 ámala só a ela,
 eu non te teño,
 tente ela
 que te me levou
 e son eu a que está soa.
- Doncel: Camino buscando en ti a súa imaxe,
 recoñózote se a encontrou en ti;
 enton meu amor áchase e afóndase.
 Somos nosoutros dous
 pero o meu amor é aquel
 inmenso, sin fronteiras,
 é ela a que nolo trae.
- Dama: Eu non quero nada con esa muller misteriosa á que odio, ¿á que no che
 basto eu?
- Doncel: Eu era dela, despois
 funme e seguina buscando

Dama: bata que te encontrei.
 Ámala a ela en min,
 ¿é que nos parecemos?
 Doncel: Ti es máis tela,
 máis cálida,
 más leda;
 eu ámote só ti.
 Dama: Entón ela que se vaia.
 Doncel: Pero ela está na miña entraña,
 contigo volvo a ela.
 Dama: A min non me interesa ese viaxe hacia atrás.
 Doncel: Sen ela quedámonos sos
 mirándonos;
 o amor é ela.
 Dama: ¿Somos tres? ódioa,
 teño celos.
 Non a quero; eu axudeite
 a que se fora él; agora que
 se vaia ela.
 Doncel: Ela es ti.
 Dama: Non podo soporta-lo.
 Doncel: Ela convértete na miña amada,
 é nosa deusa,
 é a vida,
 tes que amala tamén ti.
 El separábanos; ela
 únenos no amor
 Dama: Ela é miña inimiga.
 Doncel: Ela es ti transfigurada,
 é o teu mellor encanto.
 Dama: Non conseguirás levarme con ela.
 Doncel: É a alba,
 é o primairo amor,
 é a máis fonda arela sosegada.
 Dama: Caminas comigo e vas tras ela
 e non é a min a quen buscas,
 eu son só o camino
 e bótasme fora cando a alcanzas
 e afástaste de min máis e máis.
 Vaste achegando ó orixe
 e xa non me coñeces
 e eu chamóte
 e ti vólveste a mirarme,

e non a reconectes.
Doncel: Encontreite por ela, amada.
Dama: Eu non quero compartir o tau amor con ala.
Doncel: Se a botas a ela, mórrome,
con ala eu podo axaonllarme e rezarche,
con ela adorote
beixo onde pisas,
son un amante dócil, sinxelo
coma un neno,
volve a nos a inocencia.
Ti tamén es unha nena,
desaparece o mundo
e só o noso amor existe.
Dama: Sen o mundo eu non podería.
Doncel: O mundo é o borne,
o teu marido cunha lanza:
mírao, ven a matarme. (O Mestre estase vistindo lentamente de ferro.)
S'con ela existe a pureza do amor. (Beixa os pes déla, que se vai.)

XVI

Doncel: Vente mai
 co tau corpo desnudo,
 baixemos barranco abaixo
 que ala no fondo nadie nos ve.
 Alí entre a maleza,
 non importa que as silvas nos firan,
 nosa paixón saciaráse,
 aínda sangrando eos espinos,
 fartarase,
 anque corra o sangue,
 anque os cans salten sobre nos
 ela non cesará.
 Hata o alarido,
 hata o lamento,
 hata morrer.
 Ven deusa, ala no fondo,
 escondidos de todos,
 destrozados, resucitados,
 que xa non podo máis,
 amada.

XVII

Doncel: (Denúdase.)
Por dentro mai,
sempre estamos por fora,
que a caricia sexa dentro,
po-la parte que non toca ó aire,
que o mundo non contamina,
que é cos ollos pechados,
que non se sabe,
que só se goza.
Po-las visceras,
entrando como antes
dentro de ti, mai,
deusa miña, dentro,
tamén de min,
a codea mirando ó mundo.
Todo en limpo labio,
a blandura do dentro,
a frescura do que nunca,
a inocencia do que sempre.
Dea, no teu brando dentro,
en carne viva,
en ansia viva,
dentro de ti,
meu amor.

XVIII

Doncel: Que baixos inmensos,
 que arrebatos,
 qué amor dorido,
 qué chaga incurable,
 que desazón imposible,
 así é agora o meu amor;
 meu secreto que nan eu mesmo me confesaba.
 Andaba fuxido,
 deixei os estudos,
 fíxenme vagabundo,
 recorría cidades,
 xa non sabía qué facer ca miña existencia.
 Agora aquela chaga contigo é unha flor,
 aquela desesperación é esta paixón.
 Xa nada nos separará.

XIX

Doncel: ¿Lembraste? Na la Guerra civil,
eu non te podía ter,
soñábate na mar.
El sobre ti crispado,
pero era a min a quen te entregabas
na totalidade do océano,
na beleza do arte.

XX

Doncel: Eu na alcoba; vosoutros fodendo.
Eu tapábame a cabeza ca almofada,
pero o ritmo non paraba,
ademáis necesitaba oí-lo,
maxinar que era eu quen te posuía,
aberta e eu cubrindote
e ti abrazada suplicando
na praia,
cas olas sonando
e nos ó seu ritmo
ti aras a área e eu
volvía e volvía
e a marea aumentaba; pero este
ominoso traqueteo volvíame á sordidez.
Levanteime,
salín despavorido a unha casa de putas,
era casi un neno, ó verme
as mulleres sobresaltáronse.
A dona non sabía se botarme fora,
eu tina o diñeiro: 25, colleuno
e á máis nova, unha rapaza
casa coma eu, igual de torpe,
subimos e desmañadamente
denudouse, eu pensaba no teu corpo,
era una moza arisca, viña da aldea,
a min non me importaba, eu
tiña a miña imaxinación en ti,
na túa boca, agora beixada por él,
estruxada,
nos teus seos; agüela nena
veume que estaba disposto e comezamos,
pero cando a abrazaba era a ti, só a ti,
e a súa boca ara a túa
e a túa sorriso era a qua eu bicaba,
era en ti onde eu me perdía
e cando chegou o orgasmo

todo acabou demasiado pronto
eu xa non veía con quen estaba,
non recordó como saín.
Vosoutros dormiades,
volvín ó leito:
á miña soidade;
non viñeches a deitarta comigo,
abrazarme igual que de neno,
deixalo a él qua durmiese a borracheira:
á miña tristeza inacabable,
á miña desesperada soidade;
a túa pracidade a esta amargura miña
que nunca me abandonará.

XXI

Doncel: Á mar este río branco
dos nosos corpos xuntos ó fin,
das nosas risas,
todo-los muros derribados.
Do teu corpo mai,
no que me baño,
no que nacín,
no que sempre estiven soñando,
no que quero acabar.
Neste río branco do teu corpo
sempre escondido, dea,
nestos cantos redondeados,
nesta calma
nesta paz tan longamente desexada,
neste doce morrer,
neste amor de femia cálida.

XXII

Doncel: Es río claro, es río ancho,
 es río fermoso,
 es río fondo,
 es río limpo,
 es río santo.
 Río do teu corpo,
 río da miña ansia.
 río da túa boca,
 río dos teus saos,
 río de teus brazos.
 Río que ven do orixe,
 que somos nos a auga,
 río limpo de mundo,
 río para morrer,
 amada.

XXIII

Doncel:

A veces nos remansamos
recordando.
Eu cóntoche o meu amor,
fáloche de aquela mañán na mar
a daquela noite na casa de putas.
Despois volvemos ás curvas do amor.
Non nos importa que estedes gritando,
que choradas, que vos tiradas po-lo chan;
sabemos que estadas ó redor
vociferando; non nos importades
nada.

XXIV

Maestre: ¡Qué miseria
 qué blasfemia,
 qué escándalo!
 Non es más cunha alimaña. (Mátao dunha lanzada.)
Dama: É un novo Cristo que veu morrer por nos.